



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 398/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31 DE XULLO DE 2018.

- 1.- Ratificación da urxencia.

EMPREGO

- 2.- Proposta de convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a acreditación da formación impartida polo Concello de Vigo no marco do proxecto “Vigo polo emprego da mocidade II”, cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través da iniciativa de emprego xuvenil. Expte. 15559/77.

FESTAS

- 3.- Proposta de aprobación do expediente de contratación da prestación de servizos para a actuación artística do espectáculo infantil “ROCK EN FAMILIA” no auditorio de Castrelos. Vigo en Festas 2018. Expte. 7472/335.
- 4.- Proposta de aprobación do expediente de contratación da prestación de servizos para a actuación artística do grupo nacional “LORI MEYERS” no auditorio de Castrelos. Vigo en Festas 2018. Expte. 7543/335.

FOMENTO

- 5.- Proposta de aprobación do expediente de contratación polo procedemento aberto das obras de “Reforzo de firmes en vías municipais. Fase I. Lote 1 Vigo este e Lote 2 Vigo sur. Expte. 68/441.

VOLUNTARIADO

- 6.- Proposta de aprobación do expediente de contratación da prestación de servizos de apoio técnico e na xestión de eventos sociais, culturais e deportivos á Oficina Municipal de Voluntariado e impartir formación ás persoas voluntarias e aos traballadores de entidades de voluntariado. Expte. 578/322.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **31 de xullo de 2018, ás 09,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

JRB/xs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez